

XXX

Reclamante:XXX

Expediente. Nº **RSCTG 189/2022****ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito remitido polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno con data do 11 de novembro de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 20 de decembro de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito remitido polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 11 de novembro de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación, por silencio administrativo da súa solicitude presentada perante o Ministerio de Cultura y Deporte con data 13 de xullo de 2022, e trasladada por esta con data do 14 de xullo de 2022 á Deputación Provincial da Coruña, de información sobre a cantidade e contía das axudas económicas ou subvencións concedidas pola dita Deputación ao Club náutico Firrete-Fragas do Eume dende o ano 2000.

A reclamante indicaba que non recibiu contestación á súa solicitude, asinada con certificado electrónico.

Segundo. Con data do 21 de novembro de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Deputación Provincial da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 9 de decembro de 2022 a Deputación Provincial da Coruña contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que tras a recepción do oficio do Ministerio de Cultura y remitindo a solicitude de acceso a información pública presentada pola reclamante, o Servizo De Acción Social, Cultural e Deportes, comprobou a información dispoñible sobre as

subvencións concedidas ao Club Náutico Firrete e, con data do 15 de xullo de 2022, remitiu a información de xeito telemático ao correo electrónico indicado pola interesada. A interesada con data do 18 de xullo de 2022 remitiu solicitude na que indica que no dispón de certificado dixital e que se lle remita por correo electrónico, información que se lle remitiu por este medio con data do 19 do mesmo mes.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

A interesada solicitou da Deputación Provincial información sobre a cantidade e contía das axudas económicas ou subvencións concedidas pola dita Deputación a un club Náutico, e presentou reclamación contra a desestimación, por silencio administrativo da súa solicitude.

De acordo coa copia do expediente remitido pola Deputación, a información lle foi remitida dentro do prazo que establece a Lei 19/2013 para as solicitudes de acceso á información, primeiro por sede electrónica e despois no correo electrónico indicado pola interesada.

Por tanto, de conformidade co disposto no artigo 116.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede a inadmisión da reclamación presentada, por carecer manifestamente de fundamento.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por XXX con data do 11 de novembro de 2022, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude de información á Deputación Provincial da Coruña sobre a cantidade e contía das axudas económicas ou subvencións concedidas pola dita Deputación a un Club náutico.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela.

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.